



Polo San Xoán

O Santo pídenos un exame polo noso comportamento cívico. Xa temos a palabra “basuraleza” para nomear plásticos, botellas, latas... que guindamos polo noso chan bergantiñán.

Outras veces, o lume, a súa cinza, augas ferruxentas. Perdemos paxariños, herbas silvestres e o seu arrecendo.

Pero chega o S. Xoán e a Natureza loita por rexurdir. Un Sol que alumea en vertical, luz sen sombras, solpores largacios, alboradas co Sol bailando. Días longos, noites breves.

Memoramos a cultura castrexa, a mitoloxía popular nas fontes, nas pontes. Volvemos ó enamorado das casas, ó lavado con auga de rosas.

Dos nosos mares, a sardiña que molla o pan.

Praias quentes, área rubia, auga azul e morna.

Os carballos con folla verde intenso, os castiñeiros dan a súa sombra reconfortante, os pinos amosan as súas mechcas.

Cacharelas estalantes, laparadas brincadeiras.

Todo para recibir e aclamar ó noso Patrón San Xoán Bautista.

Amante el da natureza, da oración, da sobriedade. Alimentábase das amoras das silveiras, das froitas naturais que ofrecen os campos. Bautizaba nas augas limpas do Xordán. Foi o máis humilde “Ningún coma el, (dixo Xesús), dos nados no Antigo Testamento”. Explicación particular.-A frase hai que interpretala. S. Xosé e Santa María naceron antes ca S. Xoán Bautista. Pero aqueles pertencen á Economía do Novo Testamento, presidida por Xesucristo. Por iso superan a S. Xoán Bautista.

Temos, pois, o mellor Santo Patrón. El protéxenos, sexamos agradecidos.

Ao clausurar este curso 2022/2023 o mais sincero agradecemento:

A Deus Noso Señor por darnos vida, entusiasmo e ánimo un curso máis para proseguir con renovada ilusión as actividades da Parroquia, neste Ano da Caridade

Ás entidades e institucións que nos apoiaron: á Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Inclusión Social, ao Concello de Carballo, a Cáritas Diocesana, ao Banco de Alimentos, ás empresas colaboradoras: Conservas Calvo, panaderías Roiser e Forno Novo, Restaurante Pastoriza...

De xeito especial os monitores dos cursos, catequistas, voluntarios de Cáritas e colaboradores das diversas actividades que fixeron posible todo o realizado neste curso.

GRAZAS E QUE DEUS VOLO PAGUE

Este ano o Consello Parroquial acordou manifestar o recoñecemento e entregar a Medalla da Parroquia a FRANCISCO SUAREZ CALVO pola súa xenerosa e constante colaboración como DIRECTOR DE CARITAS INTERPARROQUIAL DE BERGANTIÑOS desde hai máis de 20 anos.

Noraboa aos 48 alumnos que recibiron os diplomas dos cursos de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, perruquería e corte e confección.



A XANELA SEMANAL

Folla parroquial da Unidade Pastoral de Carballo

Felices Festas a todos os carballese e amigos que nos visitan!



FESTAS PATRONAIS DE SAN XOÁN



**Patrón San Xoán,
Grazas por conservarnos
con vida e con saúde
segue protexéndonos
e encamiñándonos a Xesús**



**QUE SAN XOÁN NOS SIGA PROTEXENDO
E NOS LEVE A XESÚS**

Un ano máis chega a Festa de San Xoán Bautista, Patrón de Carballo. Son días para a ledicia, a convivencia fraterna, para xuntarse a familia, lembrar os que nos precederon, e compartir cos que o pasan mal. Tamén para renovar a nosa vida cristiá. Por iso, invítovos a todos os carballeses a participar con especial devoción nos actos relixiosos das Festas:

- **O sábado 24, na Misa do San Xoán**, unímonos á invocación que en nome e representación de todo o pobo, o alcalde presentará ao patrón San Xoán Bautista. Que nos siga protexendo e axudando!

- **O domingo 25, é o día grande do Santísimo Sacramento** que celebraremos con Misa solemne e Procesión, para tributarlle a homenaxe da nosa louvanza e acción de grazas a Xesús Sacramentado e pedirle que bendiga a todas as familias de Carballo. A Procesión será deste xeito: Levaremos o Santísimo Sacramento nunha carroza engalanada, acompañado polas autoridades, os funcionistas e todos os devotos. A procesión irá polas Rúas Coruña, Gran Vía, Cervantes, Valle Inclán, Vázquez de Parga, Praza Galicia. Nos tres altares de costume daremos a bendición. Invitamos aos devotos a engalanar as xanelas e balcóns e, con pétalos de flores, aclamar ao Señor cando pase pola vosa rúa, e os demais a participar desde as beirarrúas con respecto e devoción facendo o sinal da Cruz.

O luns 26 e o martes 27, mostraremos o noso cariño de fillos á Virxe María nas advocacións da Nª Sª do Carme e do Perpetuo Socorro, poñendo a toda a Parroquia no seu regazo de Nai. Nestes días da festa tamén rezaremos polos enfermos e teremos unha pregaria agradecida polos nosos defuntos. Ao sentir o estoupido das bombas de palenque durante a Procesión tamén lembramos a Ucrania e a todos os pobos onde hai guerra. Pedimos a Paz para eles e para as familias nas que hai violencia.

O meu sincero agradecemento aos funcionistas, á Coral de Bergantiños, a todos os voluntarios da Parroquia e de xeito especial aos que durante este Ano da Caridade co seu traballo e colaboración xenerosa axudan desde Cáritas a cantos están sufrindo a falta de traballo e necesidades básicas. Que o Señor, por intercesión da Virxe Nosa Nai, e do Patrono San Xoán Bautista, vos bendiga a todos. Moitas grazas e felices festas!
O voso párroco,

José García Gondar



**DE RODILLAS, SEÑOR,
ANTE EL SAGRARIO**

De rodillas, Señor,
ante el sagrario
que guarda cuanto queda
de amor y de unidad.
Venimos con las flores
de un deseo
Para que nos las cambies
en frutos de Verdad:

Cristo en todas las almas
y en el mundo la paz,
Cristo en todas las almas
y en el mundo la paz.

Tiradas a tus plantas las
armas de la guerra
rojas flores tronchadas por
un ansia de amar
hagamos de los mares
y la tierra
como un inmenso altar,
como un inmenso altar.

Como estás, mi Señor,
en la Custodia,
igual que la palmera que
alegra el arenal,
queremos que en el centro
de la vida
reine sobre las cosas tu
ardiente caridad:

Cristo en todas las almas
y en el mundo la paz,
Cristo en todas las almas
y en el mundo la paz.

Como ciervos sedientos que
van hacia la fuente
vamos hacia tu encuentro
sabiendo que vendrás,
que el que la busca es
porque ya en la frente
lleva un beso de paz, lleva
un beso de paz.

De rodillas, Señor,
ante el sagrario
que guarda cuanto queda
de amor y de unidad.
Venimos con las flores de
un deseo
Para que nos las cambies
en frutos de Verdad:

Cristo en todas las almas
y en el mundo la paz,
Cristo en todas las almas
y en el mundo la paz.

Letra: Jose Mª Pemán

Programa relixioso Festas Patronais

Novena preparatoria

Novena desde o xoves día 15. Ás 20,00hs exposición do Santísimo, Rosario e preces da Novena. Ás 20,30hs Santa Misa.

Celebración da penitencia. Sábado 17

21,00hs confesións

Sagrado Corazón Xesús-Inmaculado Coraz. María. Domingo 18

20,30hs Misa solemne e consagración das familias.

FESTA DE SAN XOÁN: Sábado 24

11,00hs Misa Primeiras Comuñóns

12,30hs Misa solemne. Invocación ao Patrón polo alcalde de Carballo Evencio ferrero. Procesión.

FESTA DO SANTÍSIMO SACRAMENTO. Domingo 25

12,30hs Misa Solemne e Procesión. Levaremos o Santísimo nunha carroza engalanada, acompañado das autoridades e funcionistas. Daremos a bendición nos altares tradicionais da R/ Gran Vía, R/ Cervantes e R/A Braña. Pregamos que adornen as xanelas por onde pasa a Procesión.

Festa de Nª Sª do Carme. Luns 26

12,30hs Misa Solemne. Procesión.

20,30 hs Misa por defuntos da Parroquia

Festa do Perpetuo Socorro. Martes 27

20,30hs Misa Solemne

Festa de San Xudas Tadeo. Mércores 28

20,30hs Misa solemne e oración por todos os defuntos da Parroquia.